

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
3º TRIMESTRE  
CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE FIGUEIROA  
CURSO: 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
MATERIAS: CC.NN, CC.SS, L.GAL., L.CAST, MAT., E.PLÁST.  
VV.SS.CC E REL.  
DATA: 10 DE MAIO DE 2020

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES TRABALLADOS NO TERCEIRO TRIMESTRE	
Estándares de aprendizaxe traballados no 3º trimestre	Grao mínimo de consecución (Perfil de área)
<b>CIENCIAS DA NATUREZA</b>	
6º-CNB1.1.1-Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.	É quen de buscar e organizar información sobre un tema e expoñela de forma oral e escrita.
6º-CNB1.1.2-Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	Traballa de forma autónoma sendo capaz de facer unha presentación oral sobre o tema a tratar.
6º-CNB1.4.2-Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	É quen de facer un informe en calquera soporte do traballo realizado individualmente ou en grupo.
6º-CNB2.1.1-Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.	Sabe como está formado e como funciona o corpo humano.
6º-CNB2.2.1-Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	Coñece os distintos aparellos do corpo humano, a súa composición, o seu funcionamento, a súa localizacións, as súas funcións, etc...
6º-CNB2.3.1-Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.	Coñece as prácticas que permiten levar un estilo de vida saudable.
6º-CNB2.3.4-Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).	Coñece algúns avances científicos para a mellora da nosa saúde.
6º-CNB3.3.1-Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.	Coñece as características e os elementos que compoñen un ecosistema, así coma os seres vivos que o habitan e as súas relacións.
6º-CNB3.3.2-Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.	Coñece algúns ecosistemas da súa contorna.
<b>CIENCIAS SOCIAIS</b>	
6º-CSB1.1.1-Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.	Busca, selecciona, organiza a información relevante e preséntaa oralmente ou por escrito.
6º-CSB1.2.1-Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs,	Coñece e emprega as TIC para realizar os seus traballos.

redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	
6º-CSB1.2.2-Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	Busca e obtén información interpretando diferentes medios de transmisión e é quen de analízala.
6º-CSB1.4.1-Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	Traballa de xeito correcto individualmente e de forma cooperativa en grupo cando ten que abordar unha tarefa grupal.
6º-CSB3.2.2-Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	Elabora e interpreta pirámides de poboación coas pautas axeitadas.
6º-CSB3.3.1-Describe as principais características da poboación española e europea.	Coñece as características da poboación española e europea.
6º-CSB3.3.2-Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	Coñece os factores que influíron na poboación europea e española e como o fixeron:natalidade, mortandade, densidade, movementos migratorios, etc
6º-CSB3.3.3-Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.	Enumera e define os factores que inflúen na distribución da poboación en España e Europa.
6º-CSB3.4.2-Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.	Identifica os principais problemas da poboación na actualidade.
6º-CSB3.5.1-Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	Coñece os tres sectores produtivos e as actividades que pertencen a cada un.
6º-CSB3.5.2-Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes	Identifica as características de cada sector e as actividades que engloban.
<b>LINGUA GALEGA</b>	
6º-LGB1.1.1-Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.	Extrae a idea principal e secundarias dunha mensaxe oral e elaborando un resumo.
6º-LGB1.1.2-Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.	Interpreta un texto oral.
6º-LGB2.1.1-Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación.
6º-LGB2.1.2-Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).	Extrae a idea principal e secundarias dun texto.
6º-LGB2.1.3-Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.	Selecciona información dun texto deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto .

6º-LGB2.2.1-Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.	Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, ,mapas conceptuais e ilustracións
6º-LGB2.3.1-Realiza o subliñado das ideas principais dun texto.	Subliña as ideas principais dun texto.
6º-LGB2.5.1-Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.	Obtén información utilizando as Tics.
6º-LGB3.1.2-Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.	Redacta textos coherentes con axuda.
6º-LGB3.1.3-Respecta as regras de puntuación no texto.	Utiliza os signos de puntuación.
6º-LGB3.1.4-Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.	Aplica normas ortográficas básicas.
6º-LGB3.2.3-Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.	Elabora diferentes textos narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos.
6º-LGB3.2.5-Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.	Resume o contido de textos de diferentes ámbitos.
6º-LGB4.1.1-Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.	Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua.
6º-LGB4.1.2-Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.	Conxuga as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.
6º-LGB4.1.3-Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	Separa as sílabas dunha palabra e diferencia a sílaba tónica da átona.
6º-LGB5.3.1-Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.	É quen de identificar os diferentes xéneros literarios.
6º-LGB5.3.2-Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.	Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.
6º-LGB5.4.1-Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.	Escribe relatos e poemas sinxelos.
<b>LINGUA CASTELÁ</b>	
6º-LCB1.1.1-Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).	Expresase de forma coherente en distintas situacións de comunicación.
6º-LCB1.1.4-Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel da persoa moderadora e certas normas de cortesía.	Participa activamente en diversas situacións de comunicación, respectando as normas socio-comunicativas.

6º-LCB2.2.1-Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.	Comprende o sentido global dun texto oral identificando a idea principal e a secundaria.
6º-LCB2.2.2-Comprende, con certo grao de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	Comprende diferentes tipos de textos dependendo á forma da mensaxe.
6º-LCB2.4.2-Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.	Realiza resumos e identifica os elementos dos textos lidos
6º-LCB2.5.5-Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes.	Interpreta a información dos gráficos e relaciónaa coa dos textos.
6º-LCB3.1.1-Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes, .	Escribe textos de distintos ámbito social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos
6º-LCB3.1.2-Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Escribe textos usando o rexistro adecuado e presentado as ideas con claridade e con corrección gramatical e ortográfica
6º-LCB3.1.3-Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.	Escribe textos de forma creativa adecuando a linguaxe ás características do xénero.
6º-LCB3.2.1-Resume o contido de textos propios do ámbito da vida persoal e do ámbito escolar, recollendo as ideas principais, evitando parafrasear o texto e utilizando unha expresión persoal.	Resume con expresión persoal o contido de textos de diferentes ámbitos recollendo as ideas principais.
6º-LCB3.2.2-Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel.	Aplica correctamente os signos de puntuación e as regras de ortografía
6º-LCB4.1.1-Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.	Identifica as categorías gramaticais pola súa función na lingua.
6º-LCB4.1.2-Conxuga e usa con corrección todos os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos.	Conxuga os verbos e usa con bastante corrección os tempos verbais.
6º-LCB4.2.1-Identifica e usa sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e	Identifica e utiliza as palabras dependendo da súa relación semántica.

homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.	
6º-LCB4.5.1-Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.	Utiliza distintos programas educativos dixitais.
6º-LCB5.2.1-Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	Realiza lecturas guiadas de textos variados.
6º-LCB5.4.1-Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.	Escribe textos literarios seguindo unhas pautas e empregando distintos recursos lingüísticos.
<b>MATEMÁTICAS</b>	
6º-MTB2.2.1-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Le, escribe, descompón, ordena e redondea os números de ata nove cifras sen cometer case erros.
6º-MTB2.5.2-Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.	Emprega os números e as operacións aprendidas en contextos reais.
6º-MTB2.7.4-Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.	Emprega a regra de tres para resolver problemas da vida cotiá e non comete erros na súa aplicación.
6º-MTB2.6.3-Realiza operacións con números decimais.	Realiza sumas, restas, multiplicacións e divisións con números decimais sen cometer apenas erros.
6º-MTB2.6.4-Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.	Realiza operacións combinadas seguindo a xerarquía correcta no uso das operacións cometendo neste proceso poucos erros.
6º-MTB2.8.1-Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).	Efectúa sen dificultades e sen cometer case erros as catro operacións básicas.
6º-MTB2.9.1-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.	Resolve problemas aplicando o procedemento axeitado e seguindo os pasos para chegar a unha solución . Vai interiorizando as estratexias aprendidas e fai uso delas de maneira habitual.
6º-MTB3.4.1-Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.	Comprende as equivalencias entre as unidades de capacidade e volume.
6º-MTB3.4.3-Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais,	Soluciona problemas con magnitudes escollendo as operacións e unidades

convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.	precisas, seguindo os pasos solicitados.
6º-MTB4.5.1-Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,) utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).	É quen de interpretar mapas e planos aplicando os coñecementos básicos de xeometría no espazo.
6º-MTB4.6.1-Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.	Resolve problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.
6º-MTB5.2.1-Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas.	Constrúe táboas de frecuencia absoluta e relativa a partires de datos recollidos no seu entorno.
6º-MTB5.2.2-Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.	Sabe calcular a media, a moda e o rango nun conxunto de datos
6º-MTB5.2.3-Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas	Interpreta e realiza gráficos sinxelos a partires de datos dados e faino de maneira axeitada e cunha presentación adecuada.
6º-MTB5.3.1-Identifica situacións de carácter aleatorio.	Recoñece sucesos que poden acontecer de forma aleatoria e a distinta probabilidade dos mesmos.
<b>EDUCACIÓN PLÁSTICA</b>	
6º-EPB2.1.1-Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	Elabora as súas composicións empregando as técnicas, os materiais e os instrumentos máis axeitados para cada actividade; e, respectando o materiais e o lugar de traballo.
6º-EPB3.1.2-Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	Debuxa os distintos tipos de liñas coas ferramentas de debuxo técnica.
6º-EPB3.1.6-Traza círculos co compás coñecendo o raio.	Debuxa círculos co compás a partir dun radio coñecido.
6º-EPB3.1.8-Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.	Fai debuxos de estrelas e flores a partir da división da circunferencia.
6º-EPB3.1.13-Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.	Debuxa composicións empregando diferentes formas xeométricas.
6º-EPB3.1.15-Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as	Coñece e diferencia os principais polígonos básicos.



súas diferenzas e similitudes.	
<b>VALORES CÍVICOS E SOCIAIS</b>	
6º-VSCB3.8.1 -Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.	Coñece, entende e analiza as diferentes formas de discriminar a alguén e defende unha convivencia pacífica respectando as crenzas e circunstancias persoais de cada un.
6º-VSCB3.9.2 -Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.	Respecta as opinións dos demais.
6º-VSCB3.11.1 -Axuíza criticamente os valores implícitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática.	Defende os valores establecidos nas nosas leis e defende unha sociedade democrática.
6º-VSCB3.12.3 -Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	Defende unha convivencia baseada no respecto dos deberes e dereitos dos cidadáns e cidadás.
6º-VSCB3.15.1-Razoa as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.	Entende como determinadas condutas son un risco para a nosa saúde e calidade de vida.
6º-VSCB3.16.1 -Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.	Coñece, verbaliza e emite xuízos razoados sobre a necesidade de empregar algunhas normas básicas de uso seguro na rede.
<b>AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE</b>	
<p>Durante este trimestre traballaremos fundamentalmente as competencias lingüística (CL), matemática e científico tecnolóxica (CMCT), a competencia dixital (CD) e a competencia aprender a aprender (CAA).</p> <p>As dúas primeiras -CL e CMCT- son ferramentas necesarias para o desenvolvemento dunha aprendizaxe eficiente e autónoma. No deseño das actividades buscaremos desenvolver a comprensión e expresión escrita e oral, a busca de información, ampliación de vocabulario e redacción de informes ou textos de diferente tipo. E ao mesmo tempo buscaremos actividades destinadas a achegarse a aos contidos básicos da ciencia e da matemática tratando de deseñar tarefas que teñan en conta os procesos de acceso e comprensión de contidos, aplicación e análise dos mesmos e de síntese e creación.</p> <p>En canto á Competencia Dixital o propio sistema telemático de traballo está favorecendo a utilización de aplicacións e ferramentas tecnolóxicas novas e a utilización destes recursos para a busca de información e creación de contido.</p> <p>A forma de traballo empregado supón activar no alumnado técnicas de aprender á aprender destacando a organización autónoma, a capacidade de seguir orientacións e facer un uso correcto das mesmas e ter confianza e motivación para sentir que son quen de abordar o traballo de outro xeito. Polo tanto, a Competencia de Aprender a Aprender é outra das competencias que se está a traballar de forma exhaustiva.</p>	

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
En Educación Primaria a programación é realizada dende as titorías polo que os procedementos e instrumentos empregados son válidos para todas as materias.	
<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Observación sistemática a través de aplicacións telemáticas.</li> <li>2. Análise de producións.</li> <li>3. Intercambios orais co alumnado.</li> <li>4. Probas específicas.</li> </ol>
	<b>Instrumentos:</b> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Listas de control de realización de actividades propostas.</li> <li>2. Análise de traballos propostos ao alumnado tales como informes, resumes, gravacións, etc.</li> <li>3. Entrevistas co alumnado.</li> <li>4. Resolución de exercicios e actividades propostas.</li> </ol>
<b>Avaliación Terceiro Trimestre e cualificación final</b>	<p>A avaliación realizada terá como finalidade o diagnóstico da situación de cada alumno e será formativa. Terá como finalidade ben a recuperación da materia non superada en trimestres anteriores ou poderá mellorar a cualificación anual dos alumnos.</p> <p>Nas materias onde a avaliación ordinaria era continua (L.GAL., L.CAST., Ed. Plástica, VV.SS.CC e R) a nota coincidirá coa da segunda avaliación se esta é positiva e poderá valorarse un incremento da mesma se o mestre á vista do traballo realizado por cada alumno ou alumna neste terceiro trimestre o considera oportuno. No caso de alumnos con algunha destas materias pendentes nos primeiros trimestres valorárase a recuperación das mesmas á vista do traballo realizado.</p> <p>No caso das materias nas cales a avaliación ordinaria proceda da media aritmética dos trimestres (MAT., CC.NN e CC.SS) farase sobre os tres trimestres se a avaliación dos dous primeiros era positiva e terase en conta o terceiro trimestre (que dá a opción de recuperar os dous primeiros en caso de que non fose positiva).</p> <p>Na avaliación ordinaria final seguiremos mantendo os criterios de cualificación sinalados: Nas áreas de L.G, L.C, E.P, VV.SS.CC. e REL a avaliación será continua e nas áreas de MAT, CCNN e CCSS a nota da avaliación final coincidirá coa da terceira se nos dous primeiros trimestres a materia estaba suspensa pero logrou recuperar durante a terceira avaliación. No caso de ter os primeiros trimestres aprobados a cualificación será a media dos tres trimestres tal como sinala a programación.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	O alumnado con materia pendente en primaria será avaliado no curso que actualmente estea realizando desa materia. No momento en que un alumno logra o aprobado considerase que superou a materia do curso anterior.

<b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>MATEMÁTICAS: As actividades planificadas para este trimestre serán:  DE REPASO E REFORZO: Exercicios prácticos con contidos pertencentes a unidades didácticas traballadas nos dous anteriores trimestres para consolidar coñecementos xa adquiridos. Actividades relacionadas con necesidades que xorden na vida diaria para aplicar eses coñecementos en situacións prácticas. Estas actividades de reforzo e repaso servirán de RECUPERACIÓN a aqueles alumnos ou alumnas que non teñan superada a materia dos dous primeiros trimestres.  DE AMPLIACIÓN: Dado que sexto é o curso final de etapa e tendo en conta que o noso alumnado ten a posibilidade de recibir explicacións a través de vídeos nesta materia traballaremos con contidos que se ben aínda non tratamos neste curso si temos traballado en quinto: ESTATÍSTICA e XEOMETRÍA. Consideramos que neste momento a estatística está por todas partes e é unha boa oportunidade para traballala de forma práctica e a xeometría permite aos alumnos traballar co espazo e desenvolver tamén aspectos relacionados co debuxo técnico.</p> <p>L.G E L.C: As actividades planificadas para este trimestre serán de repaso, reforzo e consolidación dos estándares antes sinalados.</p> <p>CC.NN e CC. SS: Realizaranse tarefas interdisciplinares con lingua galega para o reforzo e repaso de contidos sobre os seres vivos e con ampliación de algúns aspectos do bloque relacionado co ser humano e a saúde en CCNN e coa poboación en CC.SS.</p> <p>VV.SS.CC E E.P: Recibirán propostas lúdicas a través do visionado de curtas ou lecturas recomendadas e en Educación Plástica ofreceránselle propostas variadas e lúdicas para que poidan poñer en práctica a súa creatividade.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Neste momento todo o alumnado de sexto traballa con conectividade e cadanseu portátil xa que formamos parte do proxecto E-Dixgal.  A metodoloxía seguida polas titoras de sexto está sustentada no uso da plataforma EVA do proxecto E-Dixgal, a través da cal enviamos e recibimos traballos do alumnado e a utilización de actividades interactivas SNAPPET e o deseño de actividades interdisciplinares propias.  A planificación é diaria subindo cada mañá unha programación coas propostas para o día que van obedecendo ao horario escolar. Ao mesmo tempo abrimos un foro de acompañamento no que en todo momento o alumnado pode interactuar con nós e facer preguntas ou pedir axuda.  As actividades propostas poden ser interactivas e autoavaliáveis ou poden ser enviadas como tarefas que logo corriximos e comentamos a cada alumno.  Tamén aportamos solucionarios daquelas actividades que resultaron máis difíciles ou que propiciaron moitas dúbidas no foro diario. Cada semana programamos unha charla virtual e con Abalar móbil facemos chegar avisos ou</p>

	comentarios ás familias sobre o seguimento do alumnado así como titorías.
<b>Materiais e recursos</b>	Portátil E-dixgal Proxecto E-Dixgal. Snappet. Repositorio Abalar. Realización de vídeos explicativos por parte das titoras. Tarefas e actividades deseñadas Materiais dixitais seleccionados polas titoras. Uso de aplicacións informáticas das que dispoñen no portátil. Biblioteca dixital ELBE- 2 Biblioteca do centro.

<b>1. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil.
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro.

